

JESÚS

**BAL
GAY**

**TIENTOS E
SILENCIOS
19051993**



Jesús Bal y Gay en el barco en el que viajó a México desde Inglaterra, 1938.
Archivo de la Residencia de Estudiantes, Madrid.

Jesús Bal y Gay no barco no que viaxou a México dende Inglaterra, 1938.
Arquivo da Residencia de Estudiantes, Madrid.

Esta exposición, organizada por la Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales (SECC), adscrita al Ministerio de Cultura, la Xunta de Galicia, las instituciones que integran Lugo Cultural (Universidad de Santiago de Compostela, Concejo de Lugo, la Diputación Provincial de Lugo y la Fundación Caixa Galicia) y la Residencia de Estudiantes, con motivo del centenario del nacimiento de Jesús Bal y Gay (1905-1993), reconstruye la biografía del músico, musicólogo e intelectual lucense mediante un recorrido por las diferentes etapas de su vida y de su obra ensayística y musical.

Siguiendo una estructura cronológica, las obras, fotografías y documentos reunidos en esta exposición permiten seguir la brillante y polifacética trayectoria intelectual y artística de Bal desde su Lugo natal hasta su regreso a España después de casi tres décadas en el exilio. El itinerario recorre su niñez y juventud en Lugo, donde Bal inició sus estudios musicales y entabló contacto con el grupo de la revista *Ronsel* —en cuya editorial publicó *Hacia el ballet gallego* (1924), ensayo que supuso su lanzamiento a la vida literaria profesional—; su relación con el maestro Manuel de Falla, primero en la distancia y luego más próxima y personal, a partir del matrimonio de Bal con la discípula de Falla, Rosita García Ascot, en 1933; su amistad con el núcleo intelec-

Esta exposición, organizada pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales (SECC), adscrita al Ministerio de Cultura, a Xunta de Galicia, as institucións que integran Lugo Cultural (a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Lugo, a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Caixa Galicia) e a Residencia de Estudiantes, co gallo do centenario do nacemento de Jesús Bal y Gay (1905-1993), reconstrúe a biografía do músico, musicólogo e intelectual lucense mediante un percorrido polas diferentes etapas da súa vida e da súa obra ensaística e musical.

Seguindo unha estrutura cronolóxica, as obras, fotografías e documentos reunidos nesta exposición permiten seguir a brillante e polifacética traxectoria intelectual e artística de Bal dende o seu Lugo natal ata o seu regreso a España despois de case tres décadas no exilio. O itinerario percorre a súa nenez e mocidade en Lugo, onde Bal iniciou os seus estudos musicais e iniciou contacto co grupo da revista *Ronsel* —en cuxa editorial publicou *Hacia el ballet gallego* (1924), ensaio que supuxo o seu lanzamento á vida literaria profesional—; a súa relación co mestre Manuel de Falla, primeiro na distancia e logo máis próxima e persoal, a partir do casamento de Bal coa discípula de Falla, Rosita García Ascot, en 1933; a súa amizade co núcleo

tual madrileño del entorno de la Residencia de Estudiantes, donde Bal vivió entre 1925 y 1933 y de la que fue activo colaborador; su estrecha vinculación, a partir de 1927, con el Seminario de Estudios Gallegos y con los jóvenes intelectuales y artistas en torno a él reunidos; sus colaboraciones en prensa, principalmente desde las páginas de *El Pueblo Gallego* de Vigo; su estancia en Cambridge, entre 1935 y 1938, como lector de español, y sus veintisiete años de exilio en México, en los que desarrolló una prolífica y poco conocida labor como musicólogo, ensayista, colaborador en prensa y compositor, entre otras muchas actividades, que le convirtieron en referente de la vida musical mexicana, en la que se movía en hermandad con los grandes músicos de la Edad de Plata (Adolfo Salazar o Rodolfo Halffter), bajo la sombra protectora del mexicano Carlos Chávez. De regreso a España, sin embargo, tras una primera etapa de éxitos y el estreno de algunas de sus obras, fue cayendo paulatinamente en el olvido y el silencio, sólo roto en contadas ocasiones por algunos homenajes y reconocimientos de quienes vieron en él un modelo a seguir.

Corresponsal de figuras como Manuel de Falla, Alberto Jiménez Fraud, José Moreno Villa, J. B. Trend o Higinio Anglés; amigo y consejero de intelectuales gallegos como José Filgueira Valverde, Rafael Dieste o los pintores Arturo

intelectual madrileño do contorno da Residencia de Estudiantes, onde Bal viviu entre 1925 e 1933 e da que foi activo colaborador; o seu estreito vencellamento, a partir de 1927, co Seminario de Estudos Galegos e cos mozos intelectuais e artistas reunidos ao seu arredor; as súas colaboracións na prensa, principalmente dende as páxinas de *El Pueblo Gallego* de Vigo; a súa estancia en Cambridge, entre 1935 e 1938, como lector de español, e os seus vinte e sete anos de exilio en México, nos que desenvolveu un prolífico e pouco coñecido labor como musicólogo, ensaísta, colaborador en prensa e compositor, entre outras moitas actividades, que o converteron en referente da vida musical mexicana, na que se movía en irmandade cos grandes músicos da *Edad de Plata* (Adolfo Salazar ou Rodolfo Halffter), baixo a sombra protectora do mexicano Carlos Chávez. De regreso a España, non obstante, logo dunha primeira etapa de éxitos e da estrea dalgunha das súas obras, foi caendo paulatinamente no esquecemento e no silencio, só roto en contadas ocasións por algunhas homenaxes e recoñecementos dos que viron nel un modelo a seguir.

Correspondente de figuras como Manuel de Falla, Alberto Jiménez Fraud, José Moreno Villa, J. B. Trend ou Higinio Anglés; amigo e conselleiro de intelectuais galegos como José Filgueira Valverde, Rafael Dieste ou os pintores Arturo

Souto, Carlos Maside y Luis Seoane..., Bal fue, en su intimidad, poeta sencillo, pensador discreto y reflexivo hasta el aislamiento. Esta exposición quiere rendir homenaje al hombre, al músico y al intelectual que fue Bal, a sus logros en el ámbito público y a sus triunfos más privados, a sus «tientos» y a sus «silencios».

CARLOS VILLANUEVA

Souto, Carlos Maside e Luis Seoane..., Bal foi, na súa intimidade, poeta sinxelo, pensador discreto e reflexivo ata o illamento. Esta exposición quere renderlle homenaxe ao home, ao músico e ao intelectual que foi Bal, aos seus logros no ámbito público e aos seus triunfos máis privados, aos seus «tientos» e aos seus «silencios».

CARLOS VILLANUEVA

FICHA TÉCNICA

Comisario científico

Carlos Villanueva

Asesor artístico

Carlos Valle

Organización

Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales
Xunta de Galicia
Lugo Cultural
(Ayuntamiento de Lugo, Diputación de Lugo,
Fundación Caixa Galicia y Universidad de Santiago de Compostela)

Proyecto / Proxecto

Residencia de Estudiantes

Producción / Producción

Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales
con la colaboración de / coa colaboración de
Residencia de Estudiantes
Vicerrectoría de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria, USC

SEDES Y FECHAS / SEDES E DATAS

LUGO

SALA DE EXPOSICIONES DE LA
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
28 de noviembre de 2005-8 de enero de 2006

SANTIAGO DE COMPOSTELA

COLEGIO DE FONSECA
20 de enero-5 de marzo de 2006

MADRID

RESIDENCIA DE ESTUDIANTES
14 de marzo-7 de mayo de 2006

CRONOLOGÍA

- 1905** Nace en Lugo el día 23 de junio.
- 1914** Estudia piano con Mercedes Cornide y María Mota.
- 1917-1921** Cursa el bachillerato en el Instituto General Técnico de Lugo. En 1919 se examina de piano en el Conservatorio de Madrid. El 20 de septiembre de 1921 obtiene el título de Bachiller, expedido por la Universidad de Santiago.
- 1922** Comienza estudios de Ingeniería en Madrid, donde fija su primer domicilio en la calle Relatores, 10-12.
- 1924** Funda la revista *Ronsel* con Álvaro Gil, Luis Pimentel y Evaristo Correa Calderón y publica en la editorial de la revista *Hacia el ballet gallego*. Inicia sus estudios de Medicina en la Universidad Central de Madrid.
- 1925** Ingresa en la Residencia de Estudiantes e inicia su colaboración como cronista en *El Pueblo Gallego* de Vigo, donde escribirá hasta 1932.
- 1926** Publica «O momento actual da música galega» en el número 29 de la revista *Nós*.
- 1927** Ingresa en el Seminario de Estudios Gallegos e inicia el servicio militar en Santiago.
- 1928** Tras finalizar el servicio militar, regresa a Madrid y se incorpora al Centro de Estudios Históricos.
- 1930** Compone *Seis pezas para Canto e piano encol de verbas de Amado Carballo* y la *Suite para orquesta*.
- 1933** Contrae matrimonio con Rosita García Ascot. Publica «O folklore musical de Melide» en *Terra de Melide*, editado por el Seminario de Estudios Gallegos en la editorial *Nós*.

CRONOLOXÍA

- 1905** Nace en Lugo o día 23 de xuño.
- 1914** Estuda piano con Mercedes Cornide e María Mota.
- 1917-21** Cursa o bacharelato no Instituto Xeral Técnico de Lugo. En 1919 examínase de piano no Conservatorio de Madrid. O 20 de setembro de 1921 obtén o título de bacharel, expedido pola Universidade de Santiago.
- 1922** Comeza estudos de Enxeñería en Madrid, onde fixa o seu primeiro domicilio na rúa Relatores, 10-12.
- 1924** Funda a revista *Ronsel* con Álvaro Gil, Luís Pimentel e Evaristo Correa-Calderón e publica na editorial da revista *Hacia el ballet gallego*. Inicia os seus estudos de Medicina na Universidade Central de Madrid.
- 1925** Ingresa na Residencia de Estudiantes e comeza a súa colaboración como cronista en *El Pueblo Gallego* de Vigo, no que escribirá ata 1932.
- 1926** Publica «O momento actual da música galega» no número 29 da revista *Nós*.
- 1927** Ingresa no Seminario de Estudos Galegos e empeza o servizo militar en Santiago.
- 1928** Logo de rematar o servizo militar volta a Madrid e incorpórase ao Centro de Estudios Históricos.
- 1930** Compón *Seis pezas para canto e piano encol de verbas de Amado Carballo* e a *Suite para orquesta*.
- 1933** Casa con Rosita García Ascot. Publica «O folklore musical de Melide» en *Terra de Melide*, editado polo Seminario de Estudos Galegos na editorial *Nós*.

1935 Publica *Treinta canciones de Lope de Vega*, número extraordinario de la revista *Residencia* en homenaje a Lope. Es invitado por J. B. Trend a la Universidad de Cambridge, donde trabaja como lector de español hasta 1938.

1936 Participa, invitado por Higinio Anglés, en el congreso de la Sociedad Internacional de Musicología (SIM) celebrado en Barcelona.

1938 Rosita viaja a París para trabajar con Nadia Boulanger. Jesús Bal embarca en Inglaterra con destino a México, haciendo escala en Nueva York. En México se incorpora como investigador a La Casa de España.

1939 Procedente de París, Rosita se reúne con su marido en México. La Casa de España publica los *Romances y villancicos españoles del siglo XVI* en edición de Jesús Bal.

1940 Entabla amistad con Igor y Vera Stravinsky. Colabora con la *British Propaganda Office* en México e inicia la publicación de artículos de crítica musical en *El Universal* de México D. F., colaboración que se prolongará durante once años.

1942 Estrena *Serenata para cuerdas y Cuatro piezas para canto y piano*.

1944 En México publica el *Cancionero de Upsala*.

1945 Compone *Tres piezas para Gran Orquesta*.

1946 Forma parte del grupo fundador de la revista *Nuestra Música*, en la que, entre otros, publica el artículo «Rodolfo Halffter I». Estrena *Divertimento para cuarteto de maderas* y comienza a componer *Hojas de álbum*, que terminará en 1948.

1935 Publica *Treinta canciones de Lope de Vega*, número extraordinario da revista *Residencia* en homenaxe a Lope. É convidado por J. B. Trend á Universidade de Cambridge, na que traballa como lector de español ata 1938.

1936 Participa, convidado por Higinio Anglés, no congreso da Sociedade Internacional de Musicoloxía (SIM) celebrado en Barcelona.

1938 Rosita viaxa a París para traballar con Nadia Boulanger. Jesús Bal embarca en Inglaterra con destino a México, facendo escala en Nova York. En México incorpórase como investigador a La Casa de España.

1939 Procedente de París, Rosita reúnese co seu home en México. La Casa de España publica os *Romances y villancicos españoles del siglo XVI* en edición de Jesús Bal.

1940 Fai amizade con Igor e Vera Stravinsky. Colabora coa *British Propaganda Office* en México e comeza a publicar artigos de crítica musical en *El Universal* de México D. F., colaboración que se prolongará durante once anos.

1942 Estrea *Serenata para cuerdas e as Cuatro piezas para canto y piano*.

1944 En México publica o *Cancionero de Upsala*.

1945 Compón *Tres piezas para Gran Orquesta*.

1946 Forma parte do grupo fundador da revista *Nuestra Música*, na que, entre outros, publica o artigo «Rodolfo Halffter I». Estrea *Divertimento para cuarteto de madeas* e empeza a compoñer *Hojas de álbum*, que rematará en 1948.

1947 Es nombrado director del departamento de Investigaciones Musicales del Instituto Nacional de Bellas Artes (INBA). Compone *Sonata para clarinete y piano* y, en colaboración con Carlos Chávez y Blas Galindo, el ballet *Don Quijote*. Escribe *Oda a don Quijote* para pequeño grupo orquestal y continúa colaborando con la revista *Nuestra Música*. En el ciclo de los Lunes Musicales estrena *Fantasia para dos violas*. Orquesta el *Concierto n.º 6 de Brandemburgo* de Johann Sebastian Bach.

1949 Compone *Epigrama a Carlos Chávez* para piano.

1950 Compone la canción *Leñador, no tales el pino*.

1951 Compone el *Concerto grosso*, para flauta, oboe, clarinete, fagot y orquesta.

1952 Publica *Tesoro de la Música Polifónica en México* (México, INBA).

1955 Jesús Bal y Rosita abren una galería de arte llamada Diana en la que, entre otras, expondrán algunas obras de Vera Stravinsky y Remedios Varo.

1957 Jesús Bal entra a formar parte del equipo director de la Radio de la Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM). Hasta 1961 publica diversos artículos en la *Revista de la Universidad de México*.

1958 Imparte clases de apreciación musical en la UNAM hasta 1964.

1959 Publica *Chopin* en la editorial del Fondo de Cultura Económica de México.

1960 Publica *Tientos (ensayos de estética musical)* en la UNAM y *La aventura balear de Chopin* en edición del autor, con una tirada de cincuenta ejemplares.

1947 É nomeado director do departamento de Investigacións Musicais do Instituto Nacional de Bellas Artes (INBA). Compón *Sonata para clarinete y piano* e, en colaboración con Carlos Chávez e Blas Galindo, o ballet *Don Quijote*. Escribe *Oda a don Quijote* para pequeno grupo orquestal e continúa colaborando coa revista *Nuestra Música*. No ciclo dos *Lunes Musicales* estrea *Fantasia para dos violas*. Orquestra o *Concierto n.º 6 de Brandemburgo* de Johann Sebastian Bach.

1949 Compón *Epigrama a Carlos Chávez* para piano.

1950 Compón a canción *Leñador, no tales el pino*.

1951 Compón o *Concerto grosso*, para frauta, óboe, clarinete, fagot e orquesta.

1952 Publica *Tesoro de la música polifónica en México* (México, INBA).

1955 Jesús Bal e Rosita abren unha galería de arte chamada Diana na que, entre outras, expoñerán algunhas obras de Vera Stravinsky e de Remedios Varo.

1957 Jesús Bal entra a formar parte do equipo director da Radio da Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM). Ata 1961 publica diversos artigos na *Revista de la Universidad de México*.

1958 Imparte clases de apreciación musical na UNAM ata 1964.

1959 Publica *Chopin* na editorial del Fondo de Cultura Económica de México.

1960 Publica *Tientos (ensayos de estética musical)* na UNAM e *La aventura balear de Chopin* en edición do autor, cunha tirada de cincuenta exemplares.

1961 Se incorpora al Instituto de Investigaciones Estéticas de la UNAM como investigador científico.

1962 Realiza un primer viaje a España. En México, la UNAM le publica *Debussy*.

1964 Se jubila en México, donde se publica *La dulzura de vivir* en edición de Alejandro Finisterre.

1965 Regresa definitivamente a España y fija su residencia en Madrid. Imparte clases de composición en los cursos de «Música en Compostela».

1973 El 18 de junio, la Orquesta Nacional de España (ONE), dirigida por Frübeck de Burgos, estrena en Lugo su *Serenata para orquesta de cuerdas*.

1974 La Fundación Barrié de la Maza de A Coruña edita el *Cancionero gallego* firmado por Eduardo Martínez Torner y Jesús Bal.

1976 Es elegido «Lucense del año» por la Asociación de la Prensa de Lugo.

1982 Recibe un homenaje en el Ateneo de Madrid.

1984 *Grugalma* (Grupo Galicia en Madrid), en colaboración con el Ayuntamiento de Madrid, le brinda un homenaje.

1989 El matrimonio formado por Jesús Bal y Rosita García Ascot recibe el Premio a la creación musical de la Comunidad de Madrid.

1990 Se publica *Nuestros trabajos y nuestros días* en edición de Antonio Buxán.

1993 Jesús Bal y Gay fallece el día 3 de marzo.

1961 Incorporárase ao Instituto de Investigacións Estéticas da UNAM como investigador científico.

1962 Realiza unha primeira viaxe a España. En México, a UNAM publícalle *Debussy*.

1964 Xubilase en México, onde se publica *La dulzura de vivir* en edición de Alejandro Finisterre.

1965 Regresa definitivamente a España e fixa a súa residencia en Madrid. Imparte clases de composición nos cursos de «Música en Compostela».

1973 O 18 de xuño, a Orquesta Nacional de España (ONE), dirixida por Frübeck de Burgos, estrea en Lugo a súa *Serenata para orquesta de cuerdas*.

1974 A Fundación Barrié de la Maza da Coruña edita o *Cancionero gallego* asinado por Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal.

1976 É elixido Lucense do ano pola Asociación da Prensa de Lugo.

1982 Recibe unha homenaxe no Ateneo de Madrid.

1984 *Grugalma* (Grupo Galicia en Madrid), en colaboración co Concello de Madrid, brindalle unha homenaxe.


1989 O matrimonio formado por Jesús Bal e Rosita García Ascot recibe o Premio á creación musical da Comunidade de Madrid.

1990 Publícase *Nuestros trabajos y nuestros días* en edición de Antonio Buxán.

1993 Jesús Bal y Gay falece o día 3 de marzo.



1



2



3

4



1. Portada del número 1 de la revista Ronsel, Lugo, 1924. Biblioteca de la Residencia de Estudiantes, Madrid.

Cuberta do número 1 da revista Ronsel, Lugo, 1924. Biblioteca da Residencia de Estudiantes, Madrid.

2. Portada de Treinta canciones de Lope de Vega, de Jesús Bal y Gay, número extraordinario de la revista Residencia en homenaje a Lope de Vega, Madrid, 1935. Archivo de la Residencia de Estudiantes, Madrid.

Cuberta de Treinta canciones de Lope de Vega, de Jesús Bal y Gay, número extraordinario da revista Residencia en homenaxe a Lope de Vega, Madrid, 1935. Arquivo da Residencia de Estudiantes, Madrid.

3. Primera página de la partitura manuscrita de Serenata, de Jesús Bal y Gay. Archivo de la Residencia de Estudiantes, Madrid.

Primeira páxina da partitura manuscrita de Serenata, de Jesús Bal y Gay. Arquivo da Residencia de Estudiantes, Madrid.

4. De izquierda a derecha, Enrique Ramos, Ánxel Xohán, Arturo Souto, Avelino López Otero, Luis Pimentel, Manuel Sariñena y Jesús Bal y Gay, en el Círculo de las Artes de Lugo, 1930. Colección particular, Madrid.

De esquerda a dereita, Enrique Ramos, Ánxel Xohán, Arturo Souto, Avelino López Otero, Luis Pimentel, Manuel Sariñena e Jesús Bal y Gay no Círculo de las Artes de Lugo, 1930. Colección particular, Madrid.

CONTENIDOS DE LA EXPOSICIÓN

NIÑEZ Y JUVENTUD (1905-1924)

Jesús Bal y Gay, en su juventud músico y poeta, se movía en un ambiente en el que se formaron grandes figuras de la intelectualidad gallega: sus amigos del Círculo de las Artes de Lugo, sus compañeros de bachillerato, los poetas futuristas o los pintores que querían romper con la tradición. Nacido en la ronda de Castilla de Lugo, justo enfrente de la Puerta de la Estación, Jesús Bal transitó entre diferentes intereses, siempre intelectuales, arropado por un padre indiano, maduro y comprensivo que le permitió escoger, probar y hasta equivocarse. En los documentos reunidos en este primer espacio pueden verse fotos de sus amigos Souto, Johán, López Otero, los hermanos Pimentel y Correa-Calderón, así como una muestra de sus lecturas de aquella época, que escogía en la librería Alonso y que reflejan su preferencia por los autores rusos, Juan Ramón Jiménez, José Ortega y Gasset o Ramón del Valle-Inclán, y cómo ya desde joven puso su mirada en la vanguardia, lo único que para él realmente podría remover los cimientos de la sociedad gallega. Son elementos destacados de sus primeros años de juventud la imprenta de la plaza de Campo Castillo y la revista *Ronsel*, en cuya editorial publicó su primer libro, *Hacia el ballet gallego*, y que le abrió al joven Bal muchas puertas —y algunas ventanas—. Dotado para las matemáticas y con buen expediente académico, Jesús Bal miraba con tranquilidad y con cierta distancia un futuro profesional que al principio le plantearía algunas dudas: ¿Medicina, Ingeniería...? Madrid iba a ser su destino. De fondo, siempre, la música del piano de su hermana Carmencita, comprado por su padre en la tienda de Canuto Berea.

CONTIDOS DA EXPOSICIÓN

NENEZ E MOCIDADE (1905-1924)

Jesús Bal y Gay, na súa mocidade músico e poeta, movíase nun ambiente no que se formaron grandes figuras da intelectualidade galega: os seus amigos do Círculo das Artes de Lugo, os seus compañeiros de bacharelato, os poetas futuristas ou os pintores que querían rachar coa tradición. Nado na ronda de Castela de Lugo, xusto en fronte da Porta da Estación, Jesús Bal transitou entre diferentes intereses, sempre intelectuais, arroupado por un pai indiano, maduro e comprensivo, que lle permitiu escoller, probar e mesmo equivocarse. Nos documentos reunidos neste primeiro espazo poden verse fotos dos seus amigos Souto, Johán, López Otero, os irmáns Pimentel e Correa-Calderón, así como unha mostra das súas lecturas daquela época, que escolliá na librería Alonso e que reflicten a súa preferencia polos autores rusos, Juan Ramón Jiménez, José Ortega y Gasset ou Ramón del Valle-Inclán, e como xa dende mozo puxo o seu ollar na vangarda, o único que para el realmente podería remover os alicerces da sociedade galega. Son elementos destacados dos seus primeiros anos de xuventude o prelo da praza de Campo Castelo e a revista *Ronsel*, en cuxa editorial publicou o seu primeiro libro, *Hacia el ballet gallego*, e que lle abriu ao xove Bal moitas portas —e algunhas fiestras—. Dotado para as matemáticas e con bo expediente académico, Jesús Bal miraba con tranquilidade e con certa distancia un futuro profesional que ao principio lle espertou algunhas dúbidas: Medicina, Enxeñería...? Madrid ía ser o seu destino. De fondo, sempre, a música do piano da súa irmá Carmencita, comprado polo seu pai na tenda de Canuto Berea.

EL MAESTRO MANUEL DE FALLA (1926-1946)

Buena parte de las peripecias vitales de Jesús Bal giraron en torno a Manuel de Falla, hasta el punto de que llegó a casarse con su alumna, la pianista Rosita García Ascot, procedente de una familia culta, acomodada, muy musical y republicana que un Bal joven, tímido, inteligente y profundamente seguidor de Falla, como no podía ser de otra manera, comenzó a frecuentar. La vida de la pareja estuvo íntimamente ligada a la figura de Manuel de Falla, tanto en los grandes momentos de estrenos y glorias compartidas como en la enorme soledad del destierro o de la distancia insalvable que trae consigo una guerra civil.

En casa de los Bal, las fotografías dedicadas con los retratos de Pedrell, de Granados o de Ravel se apretaron durante toda una vida sobre el piano, al igual que las partituras anotadas por Falla se amontonaron en el atril.

Mucho de cuanto Jesús Bal escribió versó sobre Falla, desde sus primeros artículos, críticas, análisis, ensayos o apuntes hasta su gran estudio sobre el compositor, tan necesario pero nunca concluido. Rosita, por su parte, interpretó al maestro en España, en París, ante Nadia Boulanger o ante Ravel. Todo Falla, sólo Falla. Como al maestro le habría gustado.

GALICIA (1926-1935)

Jesús Bal viajó a Madrid con la intención de estudiar «alguna ingeniería», aunque luego se decidió por la Medicina. Desde su llegada a la ciudad comenzó a frecuentar las colas de los teatros, los debates tras los conciertos, los estrenos, las zarzuelas y las tertulias de la capital. En sus apuntes de clase son muchos los borradores de poesías que se conservan, entre los números y los dibujos de sus proyectos de Ingeniería. Galicia seguía

O MESTRE MANUEL DE FALLA (1926-1946)

Boa parte das peripecias vitais de Jesús Bal xiraron ao redor de Manuel de Falla, ata o punto de que chegou a casar coa súa alumna, a pianista Rosita García Ascot, procedente dunha familia culta, acomodada, moi musical e republicana que un Bal novo, tímido, intelixente e profundamente seguidor de Falla, como non podía ser doutro xeito, comezou a frecuentar. A vida da parella estivo intimamente vencellada á figura de Manuel de Falla, tanto nos grandes momentos de estreas e glorias compartidas coma tamén na enorme soidade do destierro ou da distancia insalvable que trae consigo unha guerra civil.

Na casa dos Bal, as fotografías dedicadas cos retratos de Pedrell, de Granados ou de Ravel apertáronse toda unha vida sobre o piano, ao igual que as partituras anotadas por Falla se amorearon no atril.

Moito do que Jesús Bal escribiu versou sobre Falla, dende os seus primeiros artigos, críticas, análises, ensaios ou apuntamentos ata o seu grande estudo sobre o compositor, tan necesario, pero que nunca concluíu. Rosita, pola súa banda, interpretou ao mestre en España, en París, diante de Nadia Boulanger ou diante de Ravel. Todo Falla, só Falla. Como ao mestre lle gustaría.

GALICIA (1926 - 1935)

Jesús Bal viaxou a Madrid coa intención de estudar «algunha enxeñaría», aínda que logo se decidiu pola Medicina. Dende a súa chegada á cidade comezou a frecuentar as colas dos teatros, os debates tras os concertos, as estreas, as zarzuelas e as tertulias da capital. Nos seus apuntamentos de clase son moitos os borradores de poesías que se conservan, entre os números e os debuxos dos seus proxectos de enxeñaría. Galicia seguía ocupando

ocupando gran parte de su espacio vital como demuestran su labor como recolector del folklore gallego por sugerencia del doctor López Suárez; las críticas de música, de poesía y de arte que escribió en las páginas del periódico *El Pueblo Gallego*; el interés que en sus artículos reflejaba por las exposiciones de Souto, de su entrañable amigo Carlos Maside, de Juan Luis, o de su admirado Castelao, como por los versos de Pimentel, de Correa-Calderón, de Amado Carballo o de Manuel Antonio; y, por último, su debate público sobre teatro con Rafael Dieste o con Fernández Armesto. Jesús Bal fue cambiando lentamente, aún sin terminar de decidirse, la creación por la acción. Sin embargo, la música —en el café, o tocando alguna sonata de Beethoven en casa de García Sabell—, seguía siendo una constante vital para él.

Su participación en el círculo selecto del Seminario de Estudios Gallegos obligó a Jesús a hacer del tren su segunda casa, yendo y viniendo entre Galicia y Madrid, discutiendo, disfrutando su particular «dulzura de vivir»... y siendo muy polémico cuando la acción política le obligaba a levantar la voz.

MADRID Y LA RESIDENCIA DE ESTUDIANTES (1924-1935)

Todo Bal recuerda, cuando lo dice explícitamente o cuando sólo lo insinúa, al Proust de las sensaciones, especialmente al referirse a la Residencia de Estudiantes: con Moreno Villa pintando, dialogando sobre arte; con Ortega o con Juan Ramón Jiménez, sentados en el jardín; con su olor a humedad y a jabón en las habitaciones, el rumor de los chopos, la sensación de bienestar. Bal fue un residente modelo, capaz de sentarse al piano, de recibir a un ilustre invitado y de organizar conciertos; y todo con la seguridad con que sólo los tímidos saben inter-

gran parte do seu espazo vital, como o demostran o seu labor como recolector do folklore galego por suxestión do doutor López Suárez; as críticas de música, de poesía e de arte que escribiu nas páxinas do xornal *El Pueblo Gallego*; o interese que se reflectía nos seus artigos polas exposicións de Souto, do seu entrañable amigo Carlos Maside, de Juan Luis, ou do seu admirado Castelao, coma polos versos de Pimentel, de Correa-Calderón, de Amado Carballo ou de Manuel Antonio; e, por último, o seu debate público sobre teatro con Rafael Dieste ou con Fernández Armesto. Jesús Bal foi cambiando lentamente, aínda sen terminar de decidirse, a creación pola acción. No entanto, a música —no café, ou tocando algunha sonata de Beethoven na casa de García Sabell—, seguía sendo unha constante vital para el.

A súa participación no círculo selecto do Seminario de Estudos Galegos, obrigou a Jesús a facer do tren a súa segunda casa, indo e vindo entre Galicia e Madrid, discutindo, gozando a súa particular «dozura de vivir»... e sendo moi polémico, cando a acción política o obrigaba a levantar a voz.

MADRID E A RESIDENCIA DE ESTUDIANTES (1924-1935)

Todo Bal recorda, cando o di explícitamente ou cando só o insinúa, ao Proust das sensacións, especialmente ao referirse á Residencia de Estudiantes: con Moreno Villa pintando, dialogando sobre arte; con Ortega ou con Juan Ramón Jiménez, sentados no xardín; co seu olor a humidade e a xabón nas habitacións, o rumor dos chopos, a sensación de benestar. Bal foi un residente modelo, capaz de sentarse ao piano, de recibir a un ilustre invitado e de organizar conciertos; e todo coa seguridade con que só os tímidos saben interpretarse a si mes-

pretarse a sí mismos. La Residencia hizo de él un hombre sociable, maduro y culto, y le permitió entablar amistad con interlocutores como los musicólogos y paleógrafos Curt Sachs e Higinio Anglés, el hispanista y director del Centro de Estudios Históricos, Ramón Menéndez Pidal, o el director de la Residencia, Alberto Jiménez Fraud, quien acabó por considerarlo su hijo de adopción, un alter ego.

En aquella época ser residente era garantía de una formación versátil y completa. Bal asumió como propias las líneas pedagógicas de la Residencia de Estudiantes y acabó siendo su cronista y un convincente propagador de sus excelencias. Allí conoció al hispanista británico J. B. Trend, quien le abriría las puertas de la Universidad de Cambridge al invitarlo años más tarde como lector de español. También en la Residencia conoció a su futura mujer, Rosita, seguramente tomando a Falla como pretexto tras un concierto de Ravel o de Poulenc, y allí vieron la luz sus *Treinta canciones de Lope de Vega* —en adelante su mejor tarjeta de visita— prologadas por Ramón Menéndez Pidal y al cuidado editorial de Juan Ramón Jiménez.

CAMBRIDGE (1935-1938)

Cambridge, repetía Bal a todo aquel que quisiera escucharle, suponía una auténtica canonjía. El viaje más codiciado al que cualquier intelectual podía aspirar supuso, al mismo tiempo, un distanciamiento de la dura realidad que por entonces vivía España a causa del inicio de la guerra civil, cuyo desarrollo Bal seguía principalmente a través de las cartas que los amigos y los familiares le enviaban. Cambridge fue una burbuja protectora, un espacio ideal para abstraerse, estudiar, aprender, dialogar

